

Convocatoria da IV Edición do premio *María del Carmen Lorenzo* a TFG e TFM sobre a economía dos recursos naturais e do medio ambiente

María del Carmen Lorenzo Díaz (1968-2002)

A súa vida estivo intimamente ligada a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Foi Licenciada e Doutora en Ciencias Económicas e Empresariais na USC, e posgraduada en Análise e Xestión da Innovación Tecnolóxica e en Especialización en Economía Pesqueira, tamén pola USC.

Desde 1991 a 2002 foi profesora na USC e, durante un breve período, na Universidade de Vigo. Na USC formou parte dos departamentos de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa (hoxe Economía Cuantitativa) e de Economía Aplicada. Nese tempo, colaborou na posta en marcha das materias Métodos de valoración da economía ecolóxica e ambiental, Economía Ecolóxica e do Medio Ambiente, Técnicas de Avaliación Ambiental, e Economía dos Recursos Naturais e do Medio Ambiente.

A súa investigación centrouse en tres ámbitos relacionados entre si: A Economía dos Recursos Naturais e o Medio Ambiente, os Incendios Forestais, e a Economía Forestal. Isto levouna a completar a súa formación con estadías no Department of Statistics da University of California-Riverside, e no Department of Forestry da University of Toronto. Froito do seu traballo resultaron numerosas publicacións en revistas nacionais e internacionais, comunicacións a congresos, participando ademais en diversos proxectos de investigación relacionados coas temáticas das súas liñas de traballo. Durante eses anos prestou apoio a persoas que se iniciaban na súa investigación, e que hoxe forman parte do cadro docente e investigador da USC

Sendo, como foi, unha impulsora da docencia e a investigación nos campos da economía dos recursos naturais, o medio ambiente e a sustentabilidade dentro da USC, este premio quere ser unha homenaxe a súa calidade humana e á súa memoria.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela aprobou con data 19 de decembro de 2002 o premio “María del Carmen Lorenzo Díaz” co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de traballos sobre a xestión ou economía dos recursos naturais e o medio ambiente.

BASES

1. Poderán presentarse a este premio os TFG e TFM defendidos no Centro durante os cursos 2022-2023, 2023- 2024 e febreiro de 2024-2025 que acadaran unha cualificación mínima de 7 e que traten sobre a xestión ou a economía dos recursos naturais, o medio ambiente ou a sustentabilidade.
2. Establécese un premio de 250€ para cada unha das dúas categorías, e diploma acreditativo. No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acadan un nivel axeitado, poderase declarar o premio deserto.
A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais prevé organizar un acto de entrega do premio o día 9 de abril de 2025, dentro dos actos de celebración do patrón do centro. O pagamento realizarase mediante transferencia a unha conta bancaria das persoas premiadas. Do importe do premio practicaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).
3. As persoas concursantes deberán remitir ata as 14 horas do 7 de marzo de 2025 a ecoade.decanato@usc.es o anexo I debidamente cuberto e asinado xunto co TFG/TFM en formato pdf e a fotocopia polos dous lados do DNI.
Rematado este prazo farase público no taboleiro da facultade estipulado polo decanato e na páxina web da Facultade o listado de traballos presentados, así como as persoas que conforman o xurado.
4. O xurado do premio María del Carmen Lorenzo estará presidido polo Decano da Facultade ou persoa en que delegue, e dúas persoas expertas no ámbito da economía dos recursos naturais e o medio ambiente. En ningún caso formará parte do xurado unha persoa que titorizase un traballo presentado.
O fallo do xurado será inapelable. Ao xurado correspóndelle a interpretación da presente convocatoria, así como a resolución das cuestións previstas na mesma.
5. A resolución farase pública no taboleiro do Decanato e na web da Facultade na segunda quincena de marzo de 2025.
6. A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nestas bases.

ANEXO I

CONVOCATORIA DA IV EDICIÓN DO PREMIO MARÍA DEL CARMEN LORENZO A TFG e TFM SOBRE A
ECONOMÍA DOS RECURSOS NATURAIS E O MEDIOAMBIENTE

Nome:

Apelidos:

DNI:

Correo electrónico:

Teléfono de contacto:.....

Dirección postal:

.....

Titulación:.....

Título do TFG/TFM:

.....

.....

Data de presentación do TFG/TFM.....

Cualificación do TFG/TFM.....

Titor/a do traballo.....

Ena.....de.....2025

Asdo..

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 07/02/2025 14:25:37.

CSV: AD53-9E6E-490B-9A17